



## Concello de Oia

|                   |                                                                       |
|-------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <b>Expediente</b> | 940/2025                                                              |
| <b>Asunto</b>     | Premios á excelencia académica do curso 2024/2025 do Concello de Oia. |
| <b>Documento</b>  | DECRETO APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS                              |

### RESOLUCIÓN

O Concello de Oia, co propósito de contribuír ó éxito escolar, fomentar a calidade da ensinanza e valorar o esforzo do alumnado do municipio de Oia, propón a 1ª Edición dos “PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA”.

Estas axudas diríxense aos estudantes matriculados no curso 2024/2025 e empadroados no Concello de Oia.

Considerando o disposto na normativa de aplicación en materia de subvencións, especialmente:

Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

R.D. 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.

Visto que a Alcaldía é o órgano competente, de conformidade ao disposto no artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de bases do réxime Local, para realizar esta convocatoria,

En consecuencia, en exercicio das facultades que me atribúe a normativa do réxime local,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras e convocatoria dos premios á excelencia académica do Concello de Oia, para alumnado empadroado no Concello de Oia a comezos do curso escolar 2024/2025.

### **“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA 1ª EDICIÓN: “PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA” NO CURSO 2024/2025 DO CONCELLO DE OIA.**

*O Concello de Oia, co propósito de contribuír ó éxito escolar, fomentar a calidade da ensinanza e valorar o esforzo do alumnado do municipio de Oia, propón a 1ª Edición dos “PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA”.*

*O Concello propón esta primeira edición dos premios á excelencia académica, abrindo así un espazo público de recoñecemento e recompensa ó esforzo realizado. Estes premios pretenden engadir un estímulo para o alumnado, alenta á dedicación ó estudo e recoñece desta maneira a excelencia das novas xeracións.*





## Concello de Oia

### **Artigo 1.- Obxecto e finalidade.**

1. O obxecto destas bases é regular a convocatoria pública por parte do Concello de Oia para tramitación e concesión dos premios á excelencia académica correspondentes ao curso 2024/2025, de todo o alumnado empadroado no municipio durante o citado curso.

2. A finalidade destes premios é dar recoñecemento público ó esforzo e dedicación do alumnado, reforzar os aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e unir a excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

### **Artigo 2.- Natureza e réxime xurídico aplicable.**

1. As axudas que se concedan terán carácter de subvención e rexeranse polas Bases desta convocatoria, así como pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento desta última lei, a Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas que resulten de aplicación.

### **Artigo 3.- Compatibilidade con outras axudas.**

1. Este premio é compatible cos concedidos noutros concellos que teñan o mesmo fin público.

### **Artigo 4.- Dotación ou Crédito orzamentario.**

1. Os premios previstos na presente convocatoria imputaranse á aplicación orzamentaria 323 48000 do orzamento municipal para o exercicio 2025, por importe máximo de 2.000,00 €.

2. O citado importe poderá ser incrementado como consecuencia dunha xeración, unha ampliación ou unha incorporación de crédito que non requirirá unha nova convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 58, apartado 2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

### **Artigo 5.- Premios.**

1. Os premios daranse aos expedientes académicos de estudos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional de grado medio que cumpran con todos os requisitos establecidos no artigo sexto.

2. Entregarase un primeiro premio ao mellor expediente académico de cada etapa, un segundo premio ó seguinte mellor, e un terceiro, o seguinte. A todos os premiados se lle entregará un diploma acreditativo.





## Concello de Oia

3. OS premios a conceder para cada unha das etapas educativas será:

1. EDUCACIÓN PRIMARIA

1º Premio - Agasallo por valor de 200 euros, aprox.

2º Premio - Agasallo por valor de 100 euros, aprox.

3º Premio - Agasallo por valor de 50 euros, aprox.

2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1º Premio - Agasallo por valor de 200 euros, aprox.

2º Premio - Agasallo por valor de 100 euros, aprox.

3º Premio - Agasallo por valor de 50 euros, aprox.

3. BACHARELATO

1º Premio - Agasallo por valor de 300 euros, aprox.

2º Premio - Agasallo por valor de 200 euros, aprox.

3º Premio - Agasallo por valor de 100 euros, aprox.

4. FORMACIÓN PROFESIONAL GRADO MEDIO

1º Premio - Agasallo por valor de 300 euros, aprox.

2º Premio - Agasallo por valor de 200 euros, aprox.

3º Premio - Agasallo por valor de 100 euros, aprox.

4. Os premios outórganse con independencia da renda familiar.

### **Artigo 6.- Requisitos e obrigas das persoas beneficiarias.**

1. O alumnado debe cumprir cos seguintes requisitos:

- Estar empadroad/a no Concello de Oia dende o inicio do curso 2024/2025. Este requisito comprobarase de oficio a través dos datos do Padrón Municipal, sempre que o/a interesado/a autorice e consinta expresamente ó Concello de Oia, a través dos medios habilitados para o efecto, que consulte e/ou recabe os datos e/ou documentos relativos ó empadramento e convivencia relacionados coa súa solicitude de axuda e documentación. No caso de que manifeste oposición, o/a interesado/a debe aportar o certificado de empadramento colectivo ou individual.

- Estar matriculado no último curso da etapa educativa na que participa no período escolar 2024/2025: haber cursado 6º de educación primaria, 4º de ESO, 2º de bacharelato ou 2º curso de FP grado medio.

- Ter unha nota media mínima de 9 puntos en toda etapa educativa na que participa. O incumprimento de calquera destas condicións poderá dar lugar a devolución do premio concedido de acordo aos artigos 38 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### **Artigo 7.- Solicitudes: forma, lugar e prazo de presentacións.**

1. O modelo de solicitude (ANEXO I) estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Oia e no Rexistro Xeral do Concello de Oia. Nos casos en que o/a solicitante sexa menor de idade, no anexo I deberá asinar e figurar como persoa solicitante a NAI/PAI/TITOR/A do menor.





## Concello de Oia

2. As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica cos modelos normalizados a través da sede electrónica, presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Oia de 09:00 a 14:00 horas, ou calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. A presentación da solicitude fora do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión.

4. A presentación da solicitude implica a aceptación das presentes bases na súa integridade.

5. O prazo de solicitudes será de **1 mes**: dende o **1 de setembro de 2025 ó 30 de setembro de 2025**, ambos incluídos.

### Artigo 8.- Documentación.

1. A documentación obrigatoria que ten que aportar cada estudante que aspire ao premio é:

- **ANEXO I:** solicitude debidamente cumprimentada e asinada.
- **DNI, NIE, pasaporte** ou outros documentos oficiais que acrediten a identidade **do/a estudante** que opta ó premio.
- **DNI, NIE, pasaporte** ou outros documentos oficiais que acrediten a identidade **do PAI/NAI/TITOR/A**.
- Fotocopia do **libro de familia** da unidade familiar ou certificado de nacemento.
- Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción, de ser o caso.
- Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio, ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e/ou do convenio regulador, de ser o caso.
- **Certificación académica oficial** do estudante que opta ó premio, na que se exprese a nota media na etapa para a que participa, expedida polo Centro Educativo.

2. De acordo con o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a solicitude non reúna algún dos datos esixidos requirirase ao interesado para que, **no prazo de dez días hábiles**, enmende a falta ou proporcione os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 do mesmo texto legal.

3. No caso de dúbida, o órgano avaliador poderá requirir calquera outra documentación que considere necesaria. A non achega da documentación complementaria requirida no prazos que a tal efecto se concedan, dará lugar a desestimación da solicitude.





## Concello de Oia

### **Artigo 9.- Comisión técnica: órgano avaliador.**

1. Para a avaliación das solicitudes e a resolución do procedemento de concesión do premio á excelencia académica, constituirase unha Comisión Técnica de Valoración que actuará con plena obxectividade, imparcialidade e transparencia.
2. Dita comisión estará formada polos seguintes perfís:
  - A **educadora familiar** municipal.
  - A **traballadora social** municipal.
  - Un/ha **técnico/a especializado/a no ámbito educativo**, preferentemente con vinculación a centros educativos do municipio, designado polo órgano competente.
3. A comisión poderá contar co apoio dun/ha **secretario/a**, con voz pero sen voto, encargado/a de levantar acta das reunións e custodiar a documentación do procedemento.
4. Os membros da comisión serán designados mediante resolución ou acto administrativo, no que constará o seu nome completo, cargo, función específica e compromiso de confidencialidade e ausencia de conflito de interés.

### **Artigo 10.- Procedemento e resolución.**

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión técnica reunirse para as avaliacións das candidaturas. Unha vez foran avaliadas todas as solicitudes, a comisión técnica emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Elevará unha proposta de resolución definitiva ao órgano competente, neste caso, a Alcaldía.
2. No caso de empate de nota media, o premio repartirase a partes iguais entre os participantes empatados.
3. A competencia para resolver a concesión dos premios corresponde a Alcaldía, de conformidade co artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sen prexuízo da delegación. Como órgano competente para resolver, e á vista do expediente e do informe da comisión técnica, a Alcaldía formulará resolución definitiva, debidamente motivada, para concesión do premio no mes de outubro.

### **Artigo 11.- Notificación**

1. As notificacións da resolución dos expedientes e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.
2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario de inscrición





## Concello de Oia

(ANEXO I). No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica do Concello de Oia. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación, sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### Artigo 12.- Acto de entrega de premios

1. A entrega dos premios á excelencia académica, realizarase nun **acto público institucional**, organizado polo Concello de Oia, como recoñecemento ó mérito e esforzo do alumnado galardoado.

2. O acto terá lugar no **Salón de Plenos do Concello** ou **noutro espazo público que determine o Concello**, en función da dispoñibilidade ou adecuación do lugar. A data e ubicación concreta, serán comunicadas con antelación suficiente ós/ás premiados/as e, no seu caso, ós seus representantes legais.

3. No transcurso do evento, a **Alcaldesa do municipio** procederá á entrega oficial dos seguintes elementos a cada galardoado/a :

- Un **diploma acreditativo** do premio obtido.
- El/os **regalos correspondentes**, valorados segundo o establecido nas presentes bases.

4. A asistencia ó acto terá carácter voluntario, pero recoméndase expresamente a participación como recoñecemento público do logro. O Concello poderá tomar imaxes do evento con fins de difusión institucional, respectando en todo momento a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

### Artigo 13.- Publicación e información.

1. As presentes bases serán publicadas para o seu coñecemento xeral na , na sede electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

### Artigo 14.- Recursos aplicables e protección de datos.

1. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no







## Concello de Oia

*prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución se o acto fose expreso, e se non o fose, o prazo será de seis meses desde o día seguinte a aquel en que a solicitude se entenda desestimada de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*2. Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa. Se a resolución é presunta, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.*

*3. Os datos persoais recollidos no procedemento serán tratados conforme a lexislación vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os datos incorporaranse ao tratamento “ Premios á excelencia académica”. O responsable do tratamento é o Concello de Oia e ante el poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, dereito ao olvido e dereito de portabilidade. A finalidade e lexitimación do tratamento é xestionar o premio solicitado.”*

**SEGUNDO.-** Remitir esta convocatoria a Base Nacional de Subvencións aos efectos da súa publicidade, de conformidade ao disposto no artigo 18 e 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

**TERCEIRO.-** Publicar no Taboleiro de edictos do Concello de Oia o anuncio da convocatoria e as bases reguladoras da subvención, unha vez publicado no BOP o extracto da convocatoria.

**CUARTO.-** Dar conta a pleno da corporación na sesión inmediatamente seguinte.

En Oia a 5 de agosto de 2025

A Alcaldesa

Cristina Correa Pombal

*\*asdo á marxe dixitalmente*

A Secretaria

María Cabodevila Ros

